

## ÍNDICE

A voz que se desdobra .....	13
Arte poética.....	17
Esvaro.....	19
Palabras pequenas para unha grande interrogante.....	21
Algún día.....	22
Conxugación (im)persoal.....	23
Na liberdade da contorna .....	24
No corpo tépedo .....	25
Resulta difícil delimitar.....	26
Na anatomía corporal.....	27
Cociñamos todos os días .....	28
Fanegas de corazón.....	29
Parece que nada muda .....	30
Comunicar entre liñas .....	31
Somos.....	32
Ponlle nome.....	33
Na memoria dos idus do paraíso .....	34
Versos con R .....	36
Estes lenzos de agosto .....	37
No portarretrato descolorido .....	38
Procurarse nela .....	39
Por que fuxir.....	40
Recordo.....	41
Imaxina(c)ción.....	42
Entregareiche .....	44
Eu tamén navegar.....	45
Remolla a túa.....	46
Brave heart.....	47

Respirar morno o teu embigo.....	48
Anticlimático .....	49
Neste mediodía.....	50
No reino da penumbra.....	51
Procuro a miña saíba .....	52
Enxertos .....	53
Perfil co tacto índice .....	54
Adolescencia posuída.....	56
É .....	57
Precisión cromática .....	58
Inventariar tanta pel.....	59
Pídeme o corpo .....	60
Acaso hoxe .....	61
Escacha a porta.....	63
Escribo en ti.....	64
Empezas a escribir.....	65
Con palabras.....	66
Marca de xénero.....	67
Entre.....	68
Letras sen cursivas.....	70
En revolta meduliana .....	71
Hai moito tempo .....	73
Tremen os tellos da xiada.....	74
Entrégaste.....	76
Penso, logo existo! .....	77
Carácter variábel na intolerancia .....	79
Cumpriuse o tempo.....	80
Os bos amores.....	82
Veño da estirpe.....	83
Entendémonos na fartura.....	84

O gume da terra .....	85
Escarreiras coas mans.....	86
Percorrer o areal húmido.....	87
O zoar do ar .....	88
Camiñas a vida .....	89
A distancia de enchoupármonos .....	90
Deitádeme do corpo ancestral.....	92
No tempo da seara fértil .....	93
Cando o corpo nos pida .....	94
En presente.....	95
Queima este outono.....	96
Follas outonizas .....	98
Escachar as beiras.....	99
Alampa o lume .....	100
Na marxinalidade do meu cuarto.....	101
Crepúsculo con sentido .....	102
Intentaba xogar a desfigurarse no espello das mentiras dos días ....	103
Espantamos do noso rostro .....	105
Coa boca embazou.....	106
O coidado de mans delicadas .....	107
Neste cuarto onde .....	108
Coido unha mostra túa.....	110
As lúcidas lúas do outono .....	111
Compañeira.....	112
Co trazo silencioso do teu papaventos .....	113
Mensaxe sen botella para unha muller futura .....	114
Engala neste corpo nu .....	115
Dende o deserto sedentario.....	116
E aínda seguimos nestas rúas .....	117
Un voo con vento .....	120

Nos pasos andantes.....	121
Lentas badaladas na hora cálida.....	122
Arrandeo nas cordas do vento rebuldeiro .....	123
Entre vendima e castañeira.....	124
Recende .....	125
E non profano ningunha raíz .....	126
É posíbel que as palabras .....	127
Da palabra apalpo a pel .....	128
Abdicar de min .....	129
El se non houber.....	130
Descendemos .....	131
Pensamento en dous.....	132
De memoria.....	133
Bailadela da sorte ditosa.....	134



A stylized, calligraphic signature in black ink, featuring large, sweeping loops and a vertical line extending downwards.

## A VOZ QUE SE DESDOBRA

Tes nas túas mans un libro senlleiro por moitas razóns, inclasificable se cadra e que transita por camiños escasamente andados na súa intención e, talvez, pioneiro na súa dinámica construtiva ao se instalar no ronsel dun modelo moi concreto da nosa tradición que, por outra parte, actualiza e moderniza.

Xoán Carlos Domínguez Alberte e Mercedes Queixas Zas, se se quere Mercedes Queixas Zas e Xoán Carlos Domínguez Alberte abriron no seu día, hai por volta de catro anos, unha iniciativa de escrita conxunta tal e como outras propostas creativas escritas a catro mans e penso, por exemplo, en Helena Villar Janeiro e Xesús Rábade Paredes, en Xavier Seoane e Manuel Rivas, en Xosé María e Emilio Álvarez Blázquez ou en Baldo Ramos e Franck Meyer, concibindo así un intercambio textual que cristaliza nestas *Partituras* que abranguen a cifra de cen poemas.

Non pense a lectora ou lector que este título remite ao universo semántico das representacións gráficas das composicións musicais. Podería, pois nestas páxinas resoar a música e o ritmo: en ocasións de xinea popular, noutras unha música que semella inspirada en series dodecafónicas máis contemporáneas, pero as *Partituras* aquí presentes aluden, como os seus autores avisan no texto en prosa do comezo, a unha consciente ligazón, e talvez aí radique o seu carácter pioneiro, coa tradición do *partimen*, xénero de escaso pero brillante cultivo da nosa literatura medieval.

*Partituras*, así pois, debe o seu nome ao feito de que nel se agrupan poemas que afondan a súa dinámica construtiva no concepto do *partimen* ou *joc partit* medieval. Isto é, esa variante das máis coñecidas tenzóns: un xénero clasificado canonicamente como menor e onde

dúas voces articulan un lugar de encontro na escrita para que sexa a palabra poética a que asume un xogo de carácter argumentativo e que dirimiría, supostamente, un xurado escollido para emitir un ditame imparcial que, neste caso, virías sendo ti, lectora ou lector, desde a primeira páxina deste libro xa cómplice nesta viaxe literaria.

Ao fío, así, deses exemplos presentes na nosa riquísima tradición literaria medieval representados no texto “don Garcia Martijz, saber”, de Pero da Ponte e Don García Martijz e nesoutro titulado “Pero Baveca, quer’ora saber a ren”, de Joan Baveca e Pedr’Amigo de Sevilha, a singularidade que abraza este libro, e que o fai excepcional entre nós -repárese na significativa anonimia dos poemas, malia que signos hai que permitirían sospeitar quen subscribe cada un dos textos-, radica na posibilidade que se nos ofrece para asistirmos a unha suposta dialéctica poética que, talvez mais ca iso, se converte nun intercambio, enriquecedor e plural, da palabra e non digo eu que en moitos casos conflúa nunha maneira de ver o mundo moi coincidente, pero case.

Esta estrutura permite gorentar os matices que agroman sobre os diferentes asuntos que se van sucedendo como motivos poéticos suxeridos e que, como nunha conversa, talvez como se fixo naqueles dous textos medievais antes nomeados, van e veñen, desaparecen e volven aparecer, abandónanse e retómanse ao fío da libre vontade das voces que participan neste xogo e que, finalmente, conflúen para construír un resultado final compacto, erixíndose unha única voz que se desdobra, sólida, vizosa, limpa e chea de tons particulares.

Se no *partimen* medieval as dúas voces aparecían distribuídas en “coblas” alternas, aquí, na reformulación e actualización do xénero, son os poemas os que protagonizan unha autoría alterna e consecutiva. E o tema de debate inicial nunca propón unha casuística con solu-

cións diferentes, nin tampouco se detén na temática amorosa con exclusividade tal e como se recollía no canon.

Antes ben, o diálogo esténdese, amplía as súas fronteiras, convidanos a visitar novos horizontes. Hai un desafío que parte, así pois, do primeiro poema, pero é este o da liberdade para expresarse, para exporse, para logo retomar, ou non, unha idea, un concepto, unha observación ou unha imaxe, pois aquí nada está suxeito a límites que non sexan os da liberdade creativa e os da necesidade expresiva exposta, por certo, con envexable riqueza léxica.

E así nace un discurso dialéctico, fluído, sen estridencias, onde non hai admonicións nin reprensións; onde todo vai encaixándose naturalmente para percorrer sempre camiños imprevisibles.

Nel abandónase o xogo de contrastes e de refutacións que posuía o xénero “menor” na súa concepción orixinal para acadar, oitocentos anos despois, outra dimensión que o fai operativo como arquitectura que reformula unha tradición propia que nos conecta, como sempre, co mundo.

E nestes camiños, claro é, aparece o “debate” sobre a *fin’amors* como motivo, probablemente non central pero relevante, onde as dúas voces recrean e actualizan o erotismo presente na tradición medievalística, a carón doutras imaxes e estruturas técnicas debedoras desta tradición e mesmo doutra máis recente como foi o neotrobadorismo que protagonizaran Bouza Brey, Filgueira ou Álvaro Cunqueiro no primeiro terzo do século XX.

Mais este non deixa de ser só un esteo presente en *Partituras* pois nel, alén dunha riqueza palmaria en recursos que van das aliteracións ás paronomasias, dos xogos sinestésicos ás imaxes visionarias, non é difícil reparar na reapropiación significativa de títulos ou fragmentos da nosa tradición literaria ou de diversas homenaxes tributadas a voces concretas.

Tampouco se oculta o cuestionamento do exercicio creativo, a constatación do paso do tempo ou as dúbidas e interrogantes presentes no comezo do percorrido para destaparse, sempre con contención, unha suxestiva reflexión sobre os conceptos de silencio e o da palabra; sobre as dimensións que adquiren as cicatrices o e corpo; cos pensamentos que repousan na nación, na estirpe e na memoria... Todo isto, e máis, domea os poemas para dotalos dun máis íntimo, e honesto por sincero, arraigamento co territorio, co tempo, co pasado e co presente, isto é, con todo aquilo que permite construír unha dobre cartografía persoal.

“Depenico alalás de primavera”, escíbese neste libro fresco e dono dunha fluencia de seu. Non sei ben a razón pero atopo aí, e nos versos que camiñan canda el, así como noutros que é ben doado rastrexar, esa intención, expresada con marabilloso acerto, que transmite optimismo e que contaxia esa vontade que convida a abrazar a vida para vivila, talvez porque esa é unha das cousas que realmente paga a pena.

Sospeito que cadaquén atopará algún verso con que se sinta identificado, que lle dirá probablemente cousas que Mercedes Queixas e Xoán Carlos Domínguez talvez nin intuiron, porque iso tamén é o misterio que encerra a poesía.

Polo demais, para rematar estas liñas, Joan Baveca e Pedr´Amigo de Sevilha empréstanme unhas palabras do seu *partimen* que concluía “E julguen-nos da tençon por aquí”. De maneira que parafraseo o texto e convíдовos a asomarvos a estes poemas, a este orixinal xogo poético: gozade e xulgade por vós mesmos, por vós mesmas, por todo aquilo que din e suxiren.

Ramón Nicolás  
Vigo, decembro de 2018